

# ESPIRAL MAIOR POESÍA

Dirección literaria MIGUEL ANXO FERNÁN-VELLO

Ilustración da cuberta: Fidel Vidal

Deseño gráfico: Spiralia

Maquetación: Amparo Manteiga

Reservados todos os dereitos de reproducción:  
nin a totalidade nin parte deste libro  
poden reproducirse ou transmitirse por ningún  
procedemento electrónico, mecánico ou fotográfico  
sen permiso escrito da editorial.

© Guadalupe Gómez Arto

© Edicións Espiral Maior, S. L.

EDICIÓN S ESPIRAL MAIOR, S. L.

R/ Xoán Carlos I, 22, 1º B

15670 – O BURGO – CULLEREDO (A Coruña)

Apartado de Correos 192 – 15080 A Coruña

Teléfono: 881 96 25 27 / Fax: 881 96 25 24

edicions@espiralmaior.com

I. S. B. N.: 84-96475-04-2

Depósito Legal: C-1399-2005

A CORUÑA – GALIZA – 2005

*A meu pai, boa persoa e labrego,  
na memoria eterna e azul dos elefantes.  
Dél herdei a poesía e o silencio*

*A miña nai, que me fai nacer na escurideade,  
e pasea conmigo, feliz e libre, pola praia de Louro.  
Dela herdei a sinceridade, a espontaneidade  
e a claridade dos meus poemas*

*A Uxío Novoneyra, que me fixo libre e poeta,  
e á súa filla Branca, a nena que baila*

## PRÓLOGO

Este desconcertante título, *O útero dos cabalos*, explica ben o carácter de transgresión que atravesa toda a obra de Lupe Gómez. Despreocupada pola lóxica e as normas, desobediente aos disfraces das rimas, toda a súa poética ten como santo e seña a extrema liberdade das verbas e dos corpos. Tamén nesa fórmula de voluntario desacato instalan a súa creatividade numerosos artistas. Textos sen bifurcacións, de fluxos e refluxos, frases breves que recomezan onde acaban, reactívanse, xustapónense, enrédanse coma cereixas e xiran todos arredor dun único círculo. É un diario persoal onde a autora expresa os seus sentimentos. Lonxe de metafísicas, ela exhibese coma peza central, provocadora, utilizando palabras de alta voltaxe: sexo, sangue, amor libre, entrega, nudez, crocodilos, rasgar as vestiduras, abrirse de brazos e pernas, un geyser dos sentidos que dá saída a esa forza interior que a oprixe.

*O sexo libérame  
da paz morta.*

*Non son guapa nin fea,  
son violenta.*

E ás veces aparece, como seda enigmática, unha princesa a moverse no círculo.

Con todo isto non lemos a historia completa. Lupe está moi atenta a ver pasar a paisaxe do seu amado Fisteus, materia prima que fixo dela o que hoxe é. É aí, dentro das murallas, onde

as pezas do *puzzle* encaixan perfectamente: o ceo azul, a inocencia da nena, os seres queridos, a mirada mansa das vacas. Fisteus, póna esgazada dun bosque, ese escondido zume que ainda queda.

*Vivo na sinceridade alucinada  
da infancia.*

Ben ao fondo tanteamos o rostro dunha auténtica actriz que se achega ao centro da escea con seguridade e ofrece ao público a súa voz torrencial. Se cadra, a ela, como a tantas outras, o lume das palabras –querer queimar todo o que amamos dentro– a salve das dúbidas ou da melancolía, que unha cousa leva á outra. Pero iso é un conto xa moi vello.

Coñecín a escritora recentemente en Compostela. Sentada no Casino, a cara redonda, os ollos sorridentes, atenta... para min que andaba metida no espellismo dun café de bulevar con farolas brancas e a chuvia. Non vos perdades este verso:

*Galicia é un cabaré  
nas sombras.*

Souben entón que ela nunca gastaría o tempo en dedicarlle unha soa liña ás áureas laranxas que escintilan na escuridade e que tanto deleitaban a Goethe.

Lupe impúdica, paixón verdiazul, a muller que baila namorada nun camiño cortado, núa. É a presenza dunha creadora que leva tan só, na cabeza, a súa ousada poesía por sombreiro.

Lonxe, a casa dos pais, onde están parados todos os reloxos.

XOHANA TORRES  
*Vigo, 2005*

## O ÚTERO DOS CABALOS

## O ÚTERO DOS CABALOS

ESTOU no interior  
do útero  
dos cabalos.  
Atravesar os prados.  
Rachar as cordas vocais.  
Abrir o incendio.  
Bailar. A poesía  
é matar. Morrer.  
Berrando. Co estómago  
aberto, para que entre  
en nós o mar.  
Non quero estar preñada  
de coitelos.  
Quero estar na auga sucia,  
cun vestido azul,  
sen zapatos.  
Gustaríame moito  
marchar no cabalo.  
O cabalo salvaxe,  
manso. Cruzar,  
correndo, o aire.  
Ás veces quero  
ser valente, e sempre  
o consigo. Ter o embarazo,  
ter dentro da miña barriga  
unha árbore.  
A borracheira, estar tirada  
bebendo.

Os domingos  
son moi feliz  
e médranme moito as pernas.  
Sempre hai vestidos  
encarnados na neve.  
Sempre hai ríos, elefantes  
que nos miran, que nos  
queren comer.  
Ir polas rúas  
cun vestido negro  
de noiva.  
O meu cuarto  
converteuse nun reloxo.  
Non quero morrer  
en todos os accidentes.  
Encántame o meu misterio,  
ser eu, subir nos avións.  
Sempre soño que teño  
o pelo longo. E esperto  
enfadada. Cortei o pelo  
hai tempo. Porque me pesaba.  
Agora vivo no útero  
dos cabalos.

#### A MAQUINARIA

TEÑO, en min, unha  
guerra. E cae sangue polo  
meu corpo. Teño frío e estou  
asustada e contenta.  
A maquinaria, pero tamén  
os poemas.  
O guindastre levantando  
casas, pero tamén eu,  
tamén quero estar viva.  
Non quero ser unha nena  
atada, e quero  
sentir a miña gorxa.  
Non quero a imposibilidade,  
a negación.  
Sempre a culpa.  
Sempre o idioma.  
Eses camións que me atravesan,  
que cruzan os mapas.  
Reinvento, na célula.  
Abro un túnel na miña  
roupa.  
Fronte ao meu edificio tiraron  
unha casa. Foi unha imaxe  
bonita, erguinme da cama,  
estaban destruíndo  
esa casa vella. Pregúntome  
qué virá despois da  
destrucción.

Sempre vou na  
bicicleta.

Quero inventar o vento,  
que o vento me toque  
na cara.

A necesidade forte  
de romper  
as flores.

O silencio, sempre,  
como unha maneira  
de tecer frases.

O meu silencio,  
no xardín.

Como se a vida fose  
unha casa aberta  
na que podes entrar  
e da que podes saír.

Marchar, no autobús, mirando  
as caras diminutas dos estudiantes.

Hai unha cor bonita  
na tarde. O ceo é moi azul.

Tento pintar os ollos.

Gardo todo nunha carpeta  
azul que merquei. O home da librería  
amosoume moitas carpetas, todas  
eran horribles.

A maquinaria. Non é necesaria.  
Tamén voar.

#### A MORTE DO VENTO

SANGRAMOS, e hai  
petróleo no mar.  
Os cristais escachan,  
nas nosas mans baleiras.  
Sentimos unha impotencia  
grande, que nos enche  
os pulmóns, como se estivesemos  
atascados polo tabaco.

Sempre que penso nos políticos,  
penso tamén na violencia.

Procuro, no interior  
da balea.

Síntome perdida, tento atopar  
algo, cruzar a vía do tren.

El atravesa a miña sensibilidade,  
faime libre, amar.

Amo  
un soño.

Gústame que haxa tolemaia  
na miña vida de nena.

Emprego máscaras, para  
vencer o frío, o duro  
inverno.

Antes de abandonar a cidade  
escribín un longo poema.

Debuxei patos, necesitaba debuxar  
patos, para sentirme viva.

Os meus sentimientos, ese día,  
eran como cóbregas.  
Acompañeite polas rúas  
pero eu quería ser puntual,  
e escapei chorando.  
Teño a sensación de que estou  
atravesando moitas ventás.  
Eu non rezo, eu que  
tanto rezaba, con  
aquela devoción enfermiza, infinita.  
Con aquel poder.  
Necesito ir nunha bicicleta  
moi grande  
para sentirme ben.  
Síntome moi ben no mar,  
nas barcas que hai na area.  
Como un pirata.  
Gustaríame ser un pirata  
cos ollos cheos.  
Algún día verei o vento  
morrer.  
Ficarei ollando.  
É como atravesar  
os corpos das bolboretas.  
Sempre amei  
cousas difíciles.  
Non quero escachar  
máis cristais  
na miña cara.  
Sempre quixen escribir  
sentindo o vento.

### AÍNDA QUE AMAR SEXO ABSURDO

Vou bailando,  
como unha marioneta,  
libre, feliz, calada.  
O pesimismo é un xeito  
de berrar, asustar, soñar.  
Gústame a inocencia,  
pero tamén me atrae  
a outra parte.  
A noite.  
Esta praia.  
Este mar, este  
petróleo.  
O amor é tecer palabras  
e soños. Non estou soa  
buscando barcos.  
A verdade agóchase nos  
currunchos. A loucura foi  
berrar e abrir as veas,  
no centro da cidade,  
chorando.  
Volvín aos montes, coa  
necesidade de atopar un oco,  
unha cama. Fixen dentro de min  
unha casa moi forte, que agora  
me protexe.  
O sangue sae do meu corpo,

como unha billa aberta,  
en liberdade,  
sentindo ao mesmo tempo  
alegría e noxo.  
Hai paxaros mortos  
na area.  
Xogar a ser princesa  
estúpida. Romper  
a roupa.  
Bailar, coa boca chea de  
caramelos, e os dentes  
sangrando.  
Abrirei en min  
unha focha, e fuxirei.  
Quero ser libre,  
romper as cordas.  
Teño unha variz nas  
chagas.  
E un paxaro,  
que me confunde,  
que me atravesa.  
Ás veces cantar nos  
recantos, rir alto,  
abrir a inmensidáde das  
mans.  
Amar, áinda que amar  
sexa absurdo.  
Rebentar na inercia.  
Abrir un balcón,  
tirarse, caer.

#### A IRONÍA NON ERA POSIBLE

ESTA guerra  
que nos corta o corpo,  
que nos abre e nos  
sacode e nos rompe.  
Coa ilusión de escribir  
pentagramas tristes, alegres,  
amor e morte a partes iguais.  
Puxen roupa negra sobre  
un corpo canso, e encomecei  
a mañá cantando.  
A el non quero velo,  
nunca máis. Nunca máis  
a ofensa do amor.  
Entendes este silencio,  
esta afronta...?  
Unha enfermidade triste  
percorre a miña pel, e  
faíme bailar alegre.  
Esa contradicción dos corpos,  
a loucura do seme.  
Non me preguntas nada,  
mírame aos ollos.  
Gústame o baile surrealista  
das focas.  
Amoso o meu corpo,  
como se dunha puta barata  
se tratase.

Cando te vexa  
contareiche todo.  
Pero aquí, neste refuxio,  
quero ser eu. Maquillada,  
para asistir a unha festa.  
Cando te vexa  
falareiche da tortura.  
Cando te vexa  
direiche que estou baleira.  
Esta autodestrucción,  
este vitalismo.  
Esta cara cansa,  
despois de correr moito  
e estar bebendo nos bares.  
Creo na poesía, quizais  
é no único que creo.  
Hai moitas olladas distintas  
no mundo. A beleza.  
Os camións atravesando  
as fronteiras. A fuxida.  
As túas viaxes.  
Escapando.  
Estou triste observando  
a fin do mundo. O precipicio,  
o lugar onde sempre están  
os cabalos. Ás veces estou  
nos tellados das casas. Gústame  
mirar todo dende outros lados,  
como nunha operación cirúrxica  
e complicada. Eu sempre  
ando correndo, e nunca  
teño presa. Empéñome

en ser puntual.  
Ti camiñas cara ao teu traballo,  
coas mans libres.  
Algún día, na guerra,  
venderemos partes  
dos nosos corpos.  
E comerciaremos  
co odio. Coa vinganza.  
Abrindo en nós  
moitas fendas.  
Non teño coche  
nin quero telo.  
Teño gangrena nun pé, pero  
non importa. Bailo, esmagada  
polo autobús.  
Quizais sexa certo  
que a tristeza  
non nos leva  
a ningures, pero eu non  
podo parar a forza e o  
poder dos camións.  
Hai que cavar a trincheira.  
Axiña.  
Absorbidos polo grande imperio.  
Abandonemos  
a intelixencia.  
Pero a ironía  
non era posible.  
E eu boteime a chorar,  
chorando sangue.  
Dóeme o interior  
do corpo. Saio á rúa, e

vexo o sol, esta alegre  
primavera.  
A ironía tornouse  
inalcanzable.  
Pintar o pelo,  
nesta guerra.  
Ti mais eu,  
danzando.  
Na morte de todo.  
Na escuridade.

**ROUBAR ALEGRÍA,  
COMO QUEN ROUBA FLORES**

**B**OTAR a lingua fóra,  
abrir o meu burato.  
Ser nenas  
de novo, como quen  
atravesa as paredes das casas.  
Cando o mundo é  
azul, e estamos enredadas  
na cola do elefante.  
Teño no corazón  
un vello retrovisor  
que nunca me avisa.  
Descanso ás veces, comendo  
pasteis de nata.  
Sinto que a vida é  
un mural gastado.  
Sinto que estou borracha  
todo o tempo, e que  
saco as bragas, as bragas  
sucias que deixou en min  
o tempo.  
Só necesito que non  
me mires, que me vexas  
a alma. Só quero espirme,  
berrando, tirada no  
asfalto. Nunca máis  
a túa soidade.

Nunca máis sentirte  
humillada. Nunca máis o  
delirio das miñas roupas.  
Nunca máis o suplicio  
escuro da vida. Nunca máis  
a tristeza dos nosos corpos.  
Algún día  
diremos que os soños  
non eran unha ruína.  
Somos bailarinas  
que sangran  
pola boca.  
Temos frío.  
Eu son feliz na conta  
atrás das horas. Son feliz  
no paso impasible  
do tempo. Veño de montes  
grandes, inmensos. Veño de  
ríos que levo dentro de  
min, teño dentro de min  
labazadas. Sempre ando  
cara atrás en vez de  
ir cara adiante porque  
me gusta máis. E o odio  
era mentira. E eu rompín  
a linealidade do verso.  
Na feira rachei o abismo,  
tranquila, mirando  
as vacas grandes  
que meu pai  
quería mercar. Sempre fun  
esa nena entre os

queixos. Esa nena que  
recitaba poesía e abría o  
corazón sempre, como se  
non tivese ningún medo.  
Ti tamén estabas, pacendo,  
e alimentando a miña  
esperanza. Ti tamén mirabas  
cara ao outro lado dos  
soños. E xogabas coas miñas  
monecas, nun intento de  
atravesar a adolescencia e  
espertar nos prados.  
Superar todo, como  
un cabalo. Abrir  
a eternidade, vencer.  
Roubar a alegria,  
como quen rouba flores  
ás que pensa que  
tamén ten dereito.  
A nosa soiade  
é mentira.  
Eu quero berrar alegre  
e rachar as bragas descosidas  
que hai no meu corpo.  
Saberme  
viva.

## ESTOU SEMPRE NO BARCO

A miña poesía rota,  
o triángulo dos meus  
sentimentos, a fantasía.  
A nostalxia da infancia,  
o correr das miñas pernas.  
Unha frauta.  
Poño moitas faldas  
sobre a miña falda,  
e ensino o sexo,  
mostrando a ferida.  
Un coche que pasaba  
correndo moito, esmagoume  
o corpo. Agora son  
moito más pequena  
que antes. O meu corpo  
era ancho, antes do  
accidente. Pero non  
me gusta chorar,  
non choro.  
Poño moitos vestidos  
sobre o meu vestido,  
e mostro os meus ollos  
rotos, mortos. Un día,  
xa era tarde, e eu  
rompín a cintura.  
Chovía, a chuvia  
bailaba. Chovía

nos prados, e as vacas  
mirábanme, eran as espectadoras  
que había no teatro.  
Eu sempre pensei  
que a vida era unha  
treboada caendo sobre nós,  
esmagando as nosas  
cabezas. Eu sempre comprendín  
a morte. Algun día comprenderei  
a miña propia morte, pero agora  
quero ser libre. Ás veces estar alí  
é como estar nun barco.  
Alí, onde a xente mostra  
unha cara alegre. Alí, onde  
todos estamos vestidos  
á moda. Algun día  
morreremos. Agora non.  
Agora somos felices, co sangue.  
Ti andas  
como unha princesa solitaria  
polos parques. Eu vou correndo  
detrás túa, porque quero alcanzar  
algo. Porque quero coller  
coas miñas mans  
a realidade, e berrar, poder berrar,  
no abismo das tardes.  
Tardes alí, no barco.  
Abrindo os ollos tolos  
dos políticos que saben  
ser poetas e romper o zapato.  
Odio o poder  
de occidente, sempre na seguridade

de actuar ben. Eu quero actuar mal,  
romper as camas, darche un bico.  
Ti, que aprendes árabe e rompes  
a escola que hai  
nos ollos da xente.  
No outro lado do mundo  
a persoas son más humanas,  
e viven instaladas no medo.  
Como arrecifes.  
Non me gusta ser perfecta,  
non me gusta esta incomprendión  
ferida, esta eterna forma de andar  
sen pasado nas miradas.  
Odio estas miradas  
que habitan na seguridade rota  
de si mesmas.  
Sempre ando polas rúas,  
co silencio na mirada,  
mirando todo,  
con ilusión, con fame.  
Eu vendo souvenirs,  
con moita tristeza.  
Sempre quixen  
ser outra cousa,  
e non estes farrapos  
que me cobren, que  
me ignoran. Eu  
non quería  
ser un mendigo  
ao lado da catedral, confundida  
coa droga e co medo a vivir.  
O mundo non me aceptaba,

e eu púxenme a berrar.  
Era importante berrar,  
aínda que non me oíran.  
Nas marxes.  
Eu tiro pedras.  
Contra os que pasan  
pola rúa e non me ven.  
Pido esmola, ninguén me ve.  
Pasan, e fan que non ven.  
Todo está cheo de violencia,  
e os policías pégalles ás mozas.  
A infamia escríbese así, con golpes.  
Eu berro, eu vou no coche,  
mirando aos policías, cuspíndolles.  
Non quero  
vender souvenirs,  
eu imaxinei  
outra vida.  
Non quero estar tirada  
nas esquinas, necesitando  
metadona. Eu quixen  
outra realidade  
para min  
e para os meus fillos.  
Eu soñaba  
outras cousas  
cando era nena.  
Escondinme, busquei un lugar  
para min, unha casa. Pero era tarde.  
Os avións non chegaban.  
Quixen escapar,  
pero non tiña cartos.

E conformeime con mirar  
as nubes, alí, ao lado da catedral.  
Ti aprendías árabe, e ás veces  
falábasme de lugares distantes.  
Quero ir contigo nun avión.  
Non soporto máis  
estainxuria, esta crueldade,  
esta forma de andar pola cidade,  
chea de mentiras por dentro.  
Exiliada.  
Podes comprenderme?  
Podes comprender  
as miñas razóns  
para estar sempre no barco?  
Estou sempre no barco.

ESTAR NAS ESCALEIRAS  
DO AVIÓN, MIRANDO

Os triángulos fan en min  
un círculo.  
Bailo, treméndome  
o corpo. Ti tamén  
es un labirinto.  
Gústame que ames,  
indefenso, con lentitude,  
con parsimonia.  
O meu amor é unha casa  
sen xente cunha escaleira  
que sobe. Subo pola  
escaleira, vou sucia e  
cabreada.  
Os policías péganme  
na cara, eu cuspo  
violenta, pero non falo.  
Aínda que me pregunten,  
eu non falo.  
Ás veces mírote e estás  
perdido buscando  
unha estación baleira  
para estar esperando  
os trens.  
Gústache estar na  
estación esperando.  
A min gústame

estar sentada  
moito tempo  
e con moita calma  
nas escaleiras dos  
avións. Sen que me molestén.  
Sen que rompan a miña paz.  
Tamén me gusta  
subir ás árbores.  
Unha vez subín  
a unha árbore  
e dende alí  
todo era máis marabilloso,  
máis divertido, máis ancho.  
Gústame prepararche  
a comida e que o comas todo,  
sen deixar nada no prato,  
porque senón enfádome.  
Gústame estar na praia,  
observando as palabras  
longas e enormes.  
O sol baila.  
Estar no mar  
coas pernas abertas.  
Desfacer a dor.  
Escaparme.  
Esconderme detrás dos muros,  
dende alí mirarte.  
Coas miñas mans frías,  
nesta fría primavera.  
Coa dor de ir nunha moto  
correndo moito.  
Eu ía correndo na moto

aínda que non chegase  
a ningunha parte.  
Andaba sen rumbo,  
como unha adolescente  
calquera.  
Gustábame ir ás festas  
polas noites.  
Bailar cos mozos.  
Inventar o mundo.  
Gústame a roupa  
que me queda frouxa,  
que non magoa  
a miña pel.  
Gústanme os zapatos azuis  
que están de moda.  
Cruzar o universo.  
Esconderme  
no ventre  
do cabalo.  
Estar nas escaleiras  
do avión, mirando.  
Mirando como sobe  
e baixa a xente,  
con bolsas de viaxe,  
e os dentes sen lavar.  
Gústame a xente  
que espera  
nos aeroportos.  
Non están nerviosos.  
Eu tampouco teño présas  
por chegar a ningunha parte.  
O mellor lugar son

as escaleiras.  
Mirar quen vai e quen vén,  
tristes ou contentos,  
atafegados polo paso do tempo,  
e polo frío que vai  
nalgúnhas partes.  
O frío de ver mortos.  
Non quero dobrarme.  
Non quero sentir medo.  
Eu quero facer  
unha arquitectura branca.  
Levántome cedo  
e escuito os disparos.  
As palabras, atadas,  
confiscadas.  
O designio das persoas  
que van no avión.  
Eu estou sentada  
nas escaleiras  
do avión.  
Gústame este lugar,  
estou cómoda.  
Na estructura  
da pregunta.  
Na poesía  
circular.  
Neste lugar  
abandonado.

### O HOTEL

O ceo está  
manchado.  
Teño dentro de min  
a ironía toda. A dor toda.  
Esta forma de  
romper a cabeza.  
Sempre estou en  
todas as festas.  
Vestida con trapos  
de cor e ilusión.  
Como unha  
ameaza.  
O que máis me gusta  
é atravesar as paredes.  
Correr, como unha tola,  
polos campos.  
Oír que respiras e  
amas. Amas, desatada,  
amas ese amor que  
te oprime. Es libre  
no teu amor  
de nena humana.  
Non desates  
os teus ollos.  
Non te rompas  
por dentro.  
Eu tamén estou

en ti e no teu corpo  
canso. Eu tamén  
estou no hotel,  
con traxes de cor azul,  
abrigada.  
Escoitando música,  
solitaria, sen corazón  
dentro de min.  
Como un animal  
enfadado. Teño na  
gorxa un pavo real.  
Agóchome no  
silencio do mar.  
Aberta, escura, maligna.  
Coa sombra dos  
paxaros sobre min.  
Teño medo, estou acostumada  
a sentir medo.  
Teño medo do aire,  
que sopra sen piedade,  
e rómpeme o vestido,  
e quedo núa  
observando,  
con malicia,  
con sobresalto.  
No hotel hai moitos  
hexágonos, e eu pérdome  
polos corredores.  
Estou  
asustada, no hotel.  
Gústame verte cando  
te vistes para saír

de paseo. Cando estás  
alegre mirando as cousas  
que acontecen ante os teus ollos,  
ese teatro.  
O teatro da vida, fermoso  
e cruel, como cortar os dedos  
dos pés cunha navalla  
afiada.  
Non quero morrer, nunca,  
e nego a morte,  
na escuridade horrible  
do hotel.  
Vístete, vamos a  
unha festa.  
Pon sobre ti  
unha saia longa  
que te tape.  
Ponte guapa,  
mírame aos ollos.  
Saltaremos sobre  
as pontes, polo aire.  
Cando estudiaba  
gustábanme moito  
as matemáticas,  
romper os números,  
facer unha montaña,  
abrirme por dentro.  
Romper os sentimientos.  
Sempre mirando  
dende a ventá  
do hotel.  
Mirando as prazas que hai

fóra, as prazas polas que  
a xente pasea, con abrigos  
grises e vermellos.

Fai sol.

Vemos os restos  
da muralla que quedan,  
despois da guerra.

Vemos os taxis,  
que pasan correndo,  
e que van  
sen xente dentro,  
sen conductores.

Son arrastrados  
pola masa.

O capital era  
a horrible mentira  
que nos contaron  
no colexiio.

Ti levabas  
unha saia pequena,  
e chorabas. Mientras  
nos falaban  
de cousas falsas.

Morrer  
no hotel.

Ás veces choras e  
pregúntoche por qué,  
non podes falar, e disme  
que tes ganas de poñer  
unha saia enorme,  
asistir a un espectáculo,  
ir ao cine.

Non quedan moitas cousas.

A cidade converteuse  
en carbón negro. Non queda  
diversión, eu vou a todas  
as festas, coa miña soidade,  
coa miña forza de nena confusa,  
segura, forte.

O que queremos é berrar, sangrar.  
Vender os nosos corpos  
de putas tristes, as nossas vidas  
deformes, gastadas. Buscamos  
a liberdade do sol.

No hotel non hai médicos,  
eu ás veces teño feridas.

Non hai quen me cure.  
Quero violar o aspecto  
das cousas. Chorar  
tragando sangue.

Non quero ser un soldado,  
pero a guerra enche  
os espellos do hotel.

Eses espellos nos que  
nos miramos. Cando imos  
ás festas. Cando saímos  
de paseo, como damas  
doutro tempo.

Recollendo o pelo con  
pinzas de ferro e cores.

Ando como  
unha somnámbula polo hotel,  
e parece que levo nos ollos  
unha máquina de guerra.

Non sempre estou sentada.  
Creo na acción, no vitalismo  
das nenas violadas.  
Cando volvo do colexio  
veño brincando  
coas outras nenas.  
Ás veces namórome,  
namórome moito,  
parezo unha vaca.  
O que máis me gusta  
do noso hotel é  
o mostrador. Apoiarme,  
co meu corpo grande.  
Beber.  
Emborracharme, por dentro  
e por fóra. Pasar así as noites,  
bebendo. É un xeito de  
ser libres. O círculo inventado  
de apoiar os corpos, nos bares,  
sentido que se esvae a tristeza.  
Eu apago os cigarros  
no teu corpo.  
Eu non quero que violen  
os nosos vestidos brancos,  
non quero que nos manchen.  
Temos que loitar, como mulleres,  
como indias enfermas que non teñen  
moita forza.  
Eu non soporto máis  
a vida.  
Abandonamos o teatro,  
malferidas, libres.

Eu teño unha risa moi alta.  
Contamos con  
algunhas armas.  
Encontraremos instruccións  
nunha caixa cerrada.  
Estamos no hotel, e non  
estamos cansas.  
Percorremos, drogadas,  
todos os cuartos.  
É terrible estar  
neste hotel.  
É marabilloso.

## DENTRO DOS ARMARIOS

As horas pasan,  
doendo.  
Eu teño unha orquestra  
no meu estómago borracho.  
O silencio é inexplicable  
pero eu teño feridas.  
Eu estou  
dentro  
dos armarios.  
Mostro,  
con rabia,  
as miñas tetas,  
e corro.  
O amor é  
un silencio moi grande  
que fai falar.  
El é un paxaro  
cun corpo enorme,  
cun corazón enorme,  
que me comprende  
por dentro, e xa  
non estou soa  
antes da guerra.  
Gústame parecerme  
ás vacas.  
Gústame ter ollos  
de vaca

e almorzar  
nos teus ollos  
de nena.  
Levo flores,  
no meu enterro.  
Ando bailando  
por todas partes  
porque estou  
enfadada e  
porque teño  
cristais no  
estómago,  
cravados.  
Eu son forte  
e rompo as ventás  
cos meus dedos,  
co meu corpo  
de arame.  
Quero romper todo  
o falso, esnaquizar  
a mentira, e volver  
ser os nenos  
que escapaban, correndo,  
da escola,  
e sangraban no atardecer.  
Gústame  
cazar gatos cando é  
primavera.  
Quero ser escuridade  
que se abre na noite  
e quero voar, sentir.  
Gústame soñar e ter

moitos accidentes  
na estrada, porque  
teño moito medo.  
Miramos o baleiro  
sen ver nada.  
Somos artistas e a vida  
é un cabaré.  
Escribir como  
un tigre.  
Nunca teño fame,  
e estou gorda.  
Hai en min  
un fermoso labirinto.  
A liberdade é escura.  
El e eu somos xigantes  
sen memoria e  
sen fame.  
Vivo na sinceridade  
alucinada  
da infancia.  
Non me mires,  
non quero verte.  
No interior do mar  
non hai sitio  
para o noso amor.  
Bebín na noite  
o lume do teu  
sexo.  
Agocheime en ti.  
Ás veces sinto furia.  
Camiño, e roubo.  
Teño dentro de min

o teu corpo. Violentar  
a guerra. Destruír  
o abecedario.  
Estou no escaparate,  
co meu corpo.  
Non quero ser  
unha estatua.  
Non quero agardarte,  
o río é enorme.  
Amo o mar.  
Ámanme os  
mariñeiros.

## O NENO MORTO

O sol está lonxe,  
moi lonxe. Eu atopo  
a luz, buscando.  
Amo as bandeiras.  
Esta forma de  
chover.  
Esta forma branca.  
Este manancial.  
Dende aquí miro  
o mundo, contenta  
por vivir aquí, na  
néboa.  
Nos bosques que  
se abren. Abrindo  
no meu corpo  
un lugar.  
Este sitio de  
vacas.  
Aquí cuspir,  
aquí sangrar.  
Aquí rebentar,  
na lucidez aberta,  
aquí soñar todo o  
tempo. Aquí ser  
bailarina. No tráxico  
fado da liberdade.  
Non quero irme,

non quero abandonar  
o ritmo do ceo e  
das estrelas.  
Non quero romper  
esta escuridade bonita.  
Este amencer de  
bragas. Ti estás lonxe  
e soñas, soñas tamén  
coa luz, unha luz que  
non conseguimos.  
Ti vives  
levando dentro o neno  
galego, morto.  
Aquí vivimos  
na traxedia.  
Aínda non alcanzamos  
a autonomía dos nosos  
corpos e das nossas  
roupas. O lugar  
fermoso, a utopía.  
Eu quero soñar  
na terra verde.  
Soñar que non  
estou morta.  
Somos  
vacas. Andamos  
pola vida  
como vacas.  
Con medo nas  
retinas. Con arelas.  
Abrindo as ventás.  
Esa rabia, ese poder,

esa forza. Ese coitelo.  
Eu teño palabras,  
e as palabras son  
o meu tesouro.  
Gústame  
este xardín.  
Este patio  
alumeado.  
Esta casa enorme,  
pequena, preciosa.  
E a ignominia.  
Galicia é un cabaré  
de sombras.  
Ti estás lonxe, queres  
volver á terra.  
A terra chama  
por ti, ouveando como  
un can morto.  
Ti es  
un neno morto en  
Madrid.  
Eu non  
soporto esta fenda  
aberta no meu  
ventre. Eu choro  
polas noites. E os  
homes e mulleres  
xa son  
vellos, moi vellos.  
Non queda vida,  
non queda nada.  
Destruímos aquelo que

tiñamos, o único, o  
verdadeiro, aquela vida  
alegre.  
A túa nenez  
nos patios.  
Xogando  
coas nenas  
de Madrid.  
Pensando, quizais,  
na túa patria.  
Tes un corazón  
exiliado, desnortado,  
perdido. E volves.  
Agora hai un  
xardín. Un xardín  
cheo de flores, e  
silencio, e néboa, e  
fachenda. O meu orgullo  
de nena calada.  
A miña morte, eu que  
vivo na patria.  
Non sabes  
canto amo  
este lugar  
verde.  
Estes campos cheos  
de vacas.  
Esta mirada azul,  
esta bandeira.  
Non sabes  
canto amo  
esto.

Daría a miña  
vida por esto,  
este prado enorme,  
estas cidades.

Compostela, como  
un mural de pedra,  
no que a miña vida  
resulta marabillosa,  
unha vida feliz  
de nena escribindo  
poemas.

Eu quero elevar a voz,  
e levantar o zapato.

Teño no meu corpo  
unha enorme caixa  
de cristal que  
non rompo.

Non soporto  
que me maten.

A alegría da  
nación. Esta nación  
morta. Este parque  
fermoso, triste,  
sen nenos.

Farei unha casa  
para min  
no centro  
do océano.

Farei unha casa  
para min  
no interior  
dunha montaña.

A nación verde  
dos soños.  
A noite na que nacín,  
unha noite estremecida.  
Un lugar  
fabuloso cheo de  
vento. E ti camiñabas  
por alí. Ti estabas sentado  
ao meu carón cando  
eu nacín. E faláchesme  
do país verde. Da  
fantasía que hai nas  
cousas. E dixéchesme que  
os soños son o más importante  
que temos.  
Na chuvia,  
esa chuvia  
que é amor nos meus  
ollos. Ese chover  
incessante. Esta  
furia.

A RESPIRACIÓN  
DUN LAGARTO

NAMORARME,  
deixar no asfalto  
o meu corpo,  
vestirme de muller.  
A relixión da  
xente, tan absurda,  
non saben mirarse  
no espello.  
Todos somos  
feos, moi feos,  
todos somos  
ridículos.  
Eu polas noites  
ando pola casa,  
paseo.  
Namorarme,  
abrir a loucura  
do poema.  
Nunca houbo  
violación. Estou chea  
de metáforas.  
As sombras,  
mesturarme  
coa noite,  
bailar. Bailo  
co home máis guapo,

o home que más  
me gusta, co meu amor  
grande de balea.  
Gústanme os homes  
que teñen unha mirada  
branca, luminosa, misteriosa,  
como o leito dun  
río azul.  
Somos mulleres.  
Somos barcas,  
naufraxio.  
Gústame ir  
pola rúa  
con moitos homes.  
Homes velllos, co  
círculo nos ollos.  
Homes novos, aos que  
aínda non lles veu  
o sentido. Homes  
modernos, con roupa  
bonita.  
Non podo predicir  
o amor, nin figurar  
nas revistas.  
A alegría de  
ser muller.  
A muller é  
vento.  
Non estou triste,  
sempre bailo cos  
homes más guapos.  
As fotos que sacas,

as colaxes.  
Sen que ninguén  
nos vexa, darlle  
unha patada  
ao mundo, e  
escachalo.  
E despois,  
a liberdade.  
Unha forma autómata  
de chover. Unha ferida  
no interior do coche.  
Romper a roupa, e  
vendela.  
Abrir o silencio,  
se fose posible.  
Se non estivesemos  
instaladas no medo.  
Non quero romper  
os vasos  
nos que bebo.  
Teño moita fame.  
O sexo é espirse  
e silenciar o medo  
e loitar dende  
a batalla da pel.  
O sexo é agocharse  
na interioridade escura  
e bonita das casas.  
Eu quero romper  
o pelo.  
Ás veces vou nun coche  
negro, falando co chofer.

Sentido en min  
a respiración dun  
lagarto.  
Quero poñer un vestido  
moi branco, elegante,  
incómodo.  
Poñer tacóns.  
Estar segura no amor.  
Caer.

NO NERVIOSISMO  
NÁCEME UNHA BALEA

As figuras brancas  
do teatro.  
O amor.  
Sempre berrando,  
sempre berrar, como  
nenas ás que ninguén  
educou, porque eran  
malas, nenas transgresoras  
que rompián a voz.  
Nenas estúpidas  
que rompián as faldas.  
O soño de ser princesas  
e amar.  
O vómito, a náusea.  
Non te vendas.  
A vida é valiosa como  
o ouro, é curta.  
Non quero vender  
as cousas  
que sinto. Esta gorxa  
chea de bichos  
raros. Este cataclismo,  
esta forza de nena  
enfadada. Non quero  
estar na feira  
vendéndome. Non quero

traizoar as miñas  
feridas. O mercado,  
esa tolemia, ese lugar  
azul onde se comercia  
cos meus vestidos  
e co meu corpo.  
Eu rebélome, ampla.  
Eu invento unha  
música, uns tambores.  
Eu digo que son unha  
puta, para divertirme.  
Eu digo que quero  
ser libre, porque  
é verdade. Porque  
devezo levar ríos  
na mirada, romper  
a estatua, esnaquizar  
a maquinaria. Non quero  
tapar os meus ollos,  
non quero afogarme.  
Necesito correr,  
correr moiísimo,  
sen bragas.  
Necesito asumir  
a liberdade, comprender  
as murallas que levo  
dentro. Violentar a razón,  
ese mecanismo dos coches  
que pasan, que me atropelan,  
que me levan. Abrir  
o espacio da mente, como  
se dun mural

se tratase. Eu quero  
estar tola  
nos campos.  
Facer política  
cos dedos  
das miñas mans,  
como se a política  
estivese chea de  
rabia e nervios.  
Aprendo os nervios,  
na nenez, eu que son  
un pouco autista e que  
ninguén me comprende.  
No nerviosismo nácheme  
unha balea na boca,  
unha balea chea  
de comida  
e sangue.  
Nos nervios  
da nenez  
aprendo a nadar,  
espida. Aprendo  
a mirar todo  
con medo.  
Se mirarte consistise  
en estar drogada.  
Miraríate sempre,  
coas miñas babas,  
no manicomio.  
Nese manicomio  
onde as cousas  
semellan estar cheas

de realismo e  
beleza.  
Eu teño, sempre,  
un coitelo na boca,  
e gústame mirarme  
nos espellos de  
auga limpa.  
Barcos na mirada,  
e unha bicicleta,  
para marcharme.  
Agardando que  
un tren chegue.  
Ese tren que non  
vende as súas  
babas, e o fume.  
O fume, que  
me afoga.  
Non, non, non quero  
vender o meu nome.  
Na feira quero  
mercar unha vaca  
enorme. Unha vaca  
que me faga feliz.  
O silencio, na corte  
das vacas, aquel  
silencio de palla e  
esterco. Aquel silencio  
azul, que morría  
na tarde. E as cores  
escapaban. E eu choraba,  
como se fosse a primeira  
vez que me ocorría.

Os primeiros mareos,  
a primeira operación  
cirúrxica no  
patíbulo.  
Non soporto que  
me insulten.  
Non soporto que  
me peguen.  
Opoño resistencia,  
cos meus puños  
enfermos.  
Quero abrir  
o abismo. Tocar  
as flores.  
Quero aprender  
a conducir  
camións grandes.  
Ti sabes ben que  
quiero escapar,  
que me doen  
todas as partes  
do corpo.  
Ás veces estou  
no cabalo, e corro  
no cabalo, e síntome  
ben por dentro.  
Quero refuxiarme,  
non soporto máis  
o ruído da morte.  
Quero pintar, aprender  
a pintar, nesa escola onde  
os mestres choran.

Pintar a intuición.  
Ir na bicicleta, correndo  
moito, ata chegar  
a algunha parte.  
Cos dedos das mans  
rotos, e coa dor intensa.  
Había curandeiros que  
me sandaban, cando estiven  
no acantilado, rompendo  
o ruído do mar.  
O silencio do amor.  
Ese silencio atrevido  
de poñer distintos vestidos  
ás nosas monecas, no  
faiado. Esa alegría  
repentina. Non quero  
estar ferida  
nos barcos. Non soporto  
caer, non quero  
autodestruír a  
alegría. Non quero  
romper  
os zapatos.  
Sufro, no relato  
do mundo, na  
convulsión.  
Mercar e vender,  
como amantes que  
se entregan, que dan  
todo o que hai  
nos seus corpos.  
Como nenos infelices

que aman.

Algún día ireime,  
rindo, do cárcere.

Sairei por unha porta  
enorme, chea de orgullo  
e tristeza.

Fondear un río, revelar  
os sentimientos, a  
política.

Se algún día queres  
escapar no camión,  
eu estarei esperándote  
na fronteira.

#### TEÑO DENTRO DE MIN UNHA ESTRUCTURA

TEÑO dentro de min  
un edificio, no meu corpo.

Unha cidade grande  
no corazón, unha  
estructura. Campos  
de fantasmas. Elefantes  
que corren.

O instinto, ese río  
de vida e dor e  
tristeza. Quero abandonar  
o mundo urbano, regresar  
á miña orixe, a orixe que  
teño marcada  
na cara. Ese edificio  
que medra  
nas nubes. Sinto  
vertixe, caendo, pero  
tamén me gusta  
perderme na  
cidade. Poñer un  
vestido enorme e  
branco, que non se  
mancha. Ir á praia,  
correr, sentir alegría.  
Abrir a paz morta,  
liberarme. Quero

a liberación das  
mulleres, quero a risa,  
a miña risa alta. Teño  
dentro de min  
unha festa. Ás veces  
estou triste e parezo  
unha vaca. Non quero  
romper a estructura  
rota e violenta que  
hai en min. Caer polas  
ventás, tirarme,  
suicidio. Cantar,  
co cura, coas monxas,  
no prostíbulo.

A miña casa é  
unha casa chea de  
sombras. Eu aspiro  
a liberar as vacas,  
presas no engano.  
Na cor vermella e  
violentas das cousas,  
no inverno,  
na chuvia. Romper  
os pés, na violencia.  
Andar cos pés rotos  
por todas partes,  
enchendo a casa  
familiar.

O corpo ferido  
das monecas  
coas que xogo.  
O silencio azul

das moscas.  
O meu corpo é  
un camión enorme,  
unha casa. Rebento,  
no teatro, chocando  
cos actores, abrindo  
en min  
o silencio. Rebento  
branca, nunca me  
violaron, nunca  
amei. Decidín  
ser puta xogando  
coas cousas.

Mamando leite  
nas tetas cheas  
de sangue de  
miña nai.  
A menstruación era  
de nenas, pero eu  
era un neno que  
xogaba ao fútbol,  
lonxe. Eu era  
un neno con  
pantalón e pelo  
curto, eramos  
salvaxes.

No mar había  
un patio  
enorme. O meu  
corpo era  
unha estructura  
e caíanme

babas.  
Na infancia rompín  
a maquinaria.  
Xurdín coa cabeza  
rota no útero roto  
de miña nai.  
No meu corpo había  
unha bandeira, e  
os indios corrían.  
Agora quero  
abrir os ollos.  
Agora quero romper  
o coitelo que  
me abre.  
Non quero obedecer,  
quero rebelarme,  
escura, impotente.  
Coa forza das  
vacas. Co peso das  
palabras.  
Facer no edificio  
unha ventá grande,  
unha porta enorme,  
un decorado.  
Silenciar o  
asasinato.  
Aprender a andar  
na bicicleta sen  
caer. Ningún home  
me forzou, a min  
nunca me violaron.  
Quero bailar

violada. Saltar,  
como as nenas.  
Correr con forza,  
con moita forza  
nas pernas, con  
moita ilusión,  
con moitas ganas de  
escaparme.  
A casa,  
a miña casa,  
está no mar.  
Na ferida.  
Quero adiantar  
todos os coches,  
chegar rápido.  
Non quero  
autodestruír  
a violencia.  
Non quero calmar  
a miña histeria.  
Quero correr  
na bicicleta,  
chegar.  
Sempre tiven  
moito medo,  
sempre fun  
moi covarde.  
Na miña casa  
hai moito sol,  
hai moita luz.  
Negar o inverno,  
cos meus ollos marróns

de gata.  
Eu quero ir  
nunha moto  
e quero ser  
unha vaca.  
Vístome con roupa  
que as monxas  
me dan. As monxas  
regálanme todo, eu  
non necesito nada.  
Comer nun restaurante,  
tirar a comida  
polo chan. Nun xesto  
repentino, rápido, libre.  
Como un animal.  
Teño un animal  
na gorxa, un animal  
que me invade.  
O meu corpo,  
a casa prostíbulo.

NO TEATRO  
MORREN OS ACTORES,  
NA TRAXEDIA DE ACTUAR  
E VIVIR A VIDA

Ás veces cánsome, e  
necesito respirar,  
saír de min, ir  
ao teatro.  
Un zapato gastado,  
uns ollos deformes.  
Sempre o vento,  
a metáfora.  
Ser muller e  
mostrar o corpo,  
ser muller e  
romper as bragas,  
correr.  
Non sempre fun  
muller, antes era  
unha nena, un neno,  
xogando. Non tiña  
marcas nas tetas,  
unhas tetas grandes  
que nacían en min  
e na miña culpa.  
Antes había forza  
e beleza nos  
meus ollos.

Rompín a televisión,  
canseime de mirala,  
e rompina, e tireina,  
cuspindo. Abrín en min  
unha cidade, buscando  
un sitio no mundo.  
Abrín no meu corpo  
unha lata de  
comida e púxenme  
a comer, sen presá,  
con todo o tempo  
do mundo.  
O tempo é  
unha muralla.  
A vida é un silencio  
infinito no que vemos  
todos nós a cara da  
morte, o rostro negado  
do amor. Esquecín  
o ruído do amor,  
o mar aberto no  
meu ventre,  
a música dos pianos  
na noite e  
nos corpos.  
O silencio inspirado.  
A tráxica fe.  
O encontro entre  
os nenos, que aman  
como amantes.  
Os nenos aman  
con forza, con ilusión,

coa traxedia de ser  
pequenos e sentir  
un amor grande.  
Sempre chovendo,  
sempre a escuridade  
teatral, sempre  
os corazóns pechados.  
Sempre na bicicleta,  
avanzando. Percorrendo  
o mundo, un mundo  
pequeno. Pero eu  
non me canso.  
Non sinto medo,  
nin tristeza.  
Teño dentro de min  
un gran animal  
enfermo e contento.  
As metáforas no  
cárcere do corpo,  
o puñal. As mentiras.  
Abrir a traxedia.  
Comprender os versos.  
Romper os corpos.  
Ir ao teatro como  
quen vai de excursión,  
na excursión bohemia  
dos traxes, na viaxe  
alucinada polos teatros  
da cidade. Gústame estar  
nos camerinos, romper  
as flores, romper os vasos,  
cuspindo. Gústame atravesar,

con tacóns altos, as liñas  
do escenario, cuspindo.  
Sempre cuspir  
atragantada. Esta tarde  
vou morrer, e vou buscar  
a liberdade, a risa,  
elevar o estómago,  
abrir as portas  
do teatro. No teatro  
morren os actores.  
Morren coa risa.  
Morren na traxedia  
de actuar e vivir  
a vida. No teatro  
a xente peitea  
os músculos. No teatro  
a xente revela  
as verdades, é como  
mirarse no fondo  
dun pozo, na travesura,  
nos límites da vida.  
Teño as pernas cansas  
pero ando. Aínda que  
non me mire ningúén.  
Aínda que a cidade  
esta baleira. Aínda que  
non todo sexa azul.  
Poño vestidos sobre  
min como sobre  
as monecas, como  
disfraces. Vivo  
na casa do teatro

e das mentiras.  
Abrazo  
as vacas.  
Abrázoas como se  
neso me fose a vida.  
Vou aos bosques,  
e non morro  
nos bosques.  
Eses lugares escondidos  
nos que non hai  
 persoas coñecidas.  
Coller o avión  
e voar. Ás veces  
vou nas ás dos  
paxaros, e vivo  
na ausencia.  
Na distancia de  
ser quen son,  
cos meus vestidos  
vermellos, coa  
miña cara de  
prostíbulo.  
Romper os vestidos  
e andar sen roupa.  
Parecer violenta.  
Abrir a luz  
dos días, amencer  
lonxe, moi lonxe.  
Espertar noutra  
cidade, pasar os días  
lentamente. Espertar  
outro día, confundida,

nos prados. Mirar  
fronte a fronte  
as miradas das  
vacas. Eu quero  
romper moitas cousas  
e divertirme. Eu quero  
subir no avión.  
Agora quero correr  
e violar a vida.

### OS COCODRILOS

SEMPRE quixen  
andar pola  
cidade, borracha,  
contenta e sen  
roupa. Sempre quixen  
construír un barco,  
marcharme no barco.  
Sempre fun libre,  
maleducada, coa  
miña cara boa,  
co meu silencio,  
coa miña rabia.  
Agora quito  
todos os vestidos  
e ando. Busco  
a beleza, no lixo,  
no sol, na tarde  
que cae sobre  
os meus ollos.  
Hai moitas patacas  
no meu prato, eu  
como todo.  
Nunca deixo nada.  
Por eso teño un  
corpo grande, que  
non me pesa.  
Quero queimar

a lúa. Enténdesme  
cando me ves correr?  
Ir ao cine, voar  
encima dun coche,  
borracha. Rompo  
muros, falo, abro  
as portas da casa.  
Déitome no mar,  
quedo durmida,  
bailo.  
Necesito romper  
o amor estafalario  
das baleas.  
Quixería asasinar os  
cocodrilos, pero é difícil.  
Non quero ter un mozo  
que me espere  
na porta, eu quero  
correr. Os cabalos  
son libres.  
Eu tamén quero  
ser un cabalo,  
sen cocodrilos  
no estómago,  
que me van comendo  
e mastigando  
pouco a pouco, ata  
facerme desaparecer.  
Pero eu son forte  
e opño resistencia,  
ante esta destrucción,  
eses golpes enfermos.

Busquei en todo  
a forza do surrealismo,  
fixen unha proclama.  
Necesitaba romper  
figuras, as figuras  
do sol.  
Nos campos hai  
unha terrible ferida,  
no silencio, na  
música dos violíns,  
esa música máxica  
que me entende.  
Abrir o horizonte,  
vender cousas.  
Desposuír.  
Abandonar,  
correr. Sentir  
a mesma rabia  
que senten  
os nenos.  
Adelgazar, comendo  
moito pan.  
Con metais  
na gorxa. Vendo  
pasar homes, homes  
guapos, aos que amo  
e que me aman.  
Verei os cocodrilos  
morrer, matareinos,  
coa miña forza enorme.  
Eu teño ás como os  
paxaros, como os avións

grandes. Abro os campos  
e vou pola vida coas  
miñas bragas vermelhas,  
coa miña sinceridade rota,  
co meu amor de  
prostituta. Non sei  
se poderei cazar os  
cocodrilos.

SON LIBRE COAS MIÑAS  
PERNAS PEQUENAS

VESTIDOS vermellos que  
me cobren, na noite, na  
guerra.  
Teño nos labios unha  
ferida, que me abre, que me  
esgaza, que me rompe.  
Teño no estómago  
un barco azul que me  
invade. Corro detrás dos  
cocodrilos, porque non quero  
que me coman. Correndo,  
o meu corpo colle peso,  
aínda que corra moito,  
aínda que faga moito aeróbic.  
¿Decátaste de que a vida  
é máxica? ¿E das cores, de  
todas as cores do océano?  
Hai que avanzar na  
bicicleta. Hai que cubrir  
os corpos mortos con  
roupa, temos que  
ocultarnos. No noso sexo  
agochado, no silencio que  
enche o mundo.  
Eramos mulleres, eramos nenas  
colgadas nas tetas das nosas

nais. Estabamos indefensas,  
era como namorarnos.  
Eu namórome unha e outra  
vez, con presa, con urxencia,  
o amor en min é moi veloz,  
moi absurdo, moi necesario.  
Faremos política cos restos  
que queden dos corpos,  
nas murallas. Cruzaremos  
a cidade chorando, ausentes,  
tolas. Eu estarei tola  
toda a vida.  
Romperei as bragas  
e botareime a correr.  
Son libre coas miñas  
pernas pequenas, que me  
medran cando sinto amor.  
Sentir amor é  
ir en barcas.  
Sentir amor é  
ter palabras.  
Non podo negar a  
culpabilidade do mundo.  
Non podo espirme toda,  
é difícil.  
Non pedirei xustiza,  
tomareina pola miña man.  
Non romperei o corpo  
fronte á política.  
Non negarei, nunca,  
o meu amor.  
Haberá que sobrevivir,

e mercar todo na feira,  
mercar unha vaca,  
a vaca immensa.  
Haberá que perder a  
guerra. Haberá que  
violentarnos. Entendo  
a violencia, pois está  
xustificada, e os tigres rompen  
o silencio, e eu rompo  
a falda. Quero abrir e romper  
os buratos da roupa.  
Dóenme os pés, de querer  
correr e escaparme.  
Quero violar a realidade.  
Quero pechar o círculo,  
romper a linealidade  
do mundo real,  
facer un incendio.  
Quero sentir a forza,  
e abandonar a vida.  
Quero enfadarme  
e marchar na moto.  
Quero cortar o pelo,  
cortar as mans,  
amputar a morte.  
Quero ver a vida cun  
cristal azul e grande.  
Estar no barco, mirándote  
dende lonxe, estar contigo  
nas dúas cidades.  
Estar viva, nos acantilados,  
chea de sangue e ilusión,

a ilusión dos namorados,  
que cambian de roupa  
todos os días.

Hai que ir polo río.

Hai que navegar,  
con forza.

Abrir no estómago  
un lugar, unha caixa  
de cristal, unha cidade  
violentia.

ESPERANDO  
UN AUTOBÚS VERMELLO  
QUE ME LEVE AO COLEXIO

A miña vida é  
un decorado.  
Non quero ser tan doce,  
quero ser violenta.  
Quero berrar rompendo  
a voz. Os poemas atan  
o meu corpo, facéndome  
libre. Libérome, xogando.  
Cruzo os campos, chorando.  
Teño o corazón gastado  
e quero irme do escenario.  
Quero cruzar a cidade,  
con presa por chegar.  
Ese lugar ao que vou  
é moi fermoso, e  
teño moito medo.  
Estou tras unhas reixas,  
pero non quero saír,  
non quero que me peguen.  
Quero soñar que teño  
bolboretas nos ollos.  
Bolboretas na noite,  
teatro. Quero abrir  
as ventás, nun círculo.  
Avanzando na bicicleta,

a bicicleta que me leva lonxe.  
Gústame rir, como  
unha culebra. Desatar os ollos,  
quiero desatalos.  
Quero escaparme, sen atopar  
un refuxio. O refuxio é mentira.  
O refuxio é chorar nas ventás.  
Esperando un autobús vermello  
que me leve ao colexio, que  
arrinque o meu corpo do  
interior das vacas.  
Quero galopar, asustada.  
Quero vender todo,  
reordenar a miña vida,  
asustarme. O amor  
é unha caixa de lata.  
O amor é un sombreiro.  
Os corpos búscanse  
e abrázanse na noite,  
con desesperación,  
con rabia. Namórome,  
berrando, rompendo  
a escuridade. Quero  
reconstruírmelos.  
Os meus ollos aman,  
sen exactitude,  
sen firmeza. Quero  
sentir en min  
a forza dos leóns.  
Romper os versos,  
roubar a vida.  
Todo é música que

en min se abre, a música  
dos cabalos. O amor  
é un hotel escuro, no que  
a luz é amar. Gústame  
a mirada escura dos elefantes,  
eses animais que se abren  
e que me miran.  
E os cocodrilos, sempre,  
correndo, como unha cidade  
enferma. Pero eu non quero  
caer do columpio, quero cortar  
as rosas. A violencia é xirar  
no vento. Cando matan  
ás mulleres, e me esconde.  
Cando o asasinato enche  
as televisións, e ninguén  
berra. Eu choraba. E escribía.  
Era moi nova e tiña  
unhas pernas moi pequenas.  
Eu tiña petróleo nos ollos.  
Sentía en min todo o horror.  
As feridas non me magoaban,  
era cómodo camiñar  
coas miñas feridas, e cuspir  
ao chegar ao teatro.  
Quedo soa no enterro, mirando  
tranquilamente as nubes,  
collendo flores,  
os príncipes ámanme.  
Asústanse cando me oen  
rir. Eu reafirmome.  
Só as princesas aman

sen sentir amor, só  
as princesas son guapas,  
eu son fea, moi fea.  
Vou polo mar, correndo.  
E abro a gorxa.  
A dor é unha cova.  
Quero ir por un círculo,  
nun barco, quero espertar  
cando chove. Cae chuva  
e enche os reloxos.  
A cidade atópase manchada,  
chea de merda e animais.  
Fago poesía con restos de  
comida que quedan.  
Vou a Madrid coas miñas  
maletas. Coas miñas medias  
rotas. Son un fantasma,  
os homes guapos míranme.  
A morte foi correr.  
Eu non quería chegar  
a ningún lugar. Abro  
un caixón escondido.  
Rompo as figuras.  
Rompo as bragas.

### AS PRINCESAS NON SON SINCERAS

INDO ao teatro  
rompo todo.  
Abrazo a vida.  
Sinto ás veces  
a nostalxia  
dunha actriz borracha.  
Romper a lingua.  
Romper o idioma.  
Vístome como unha puta,  
e atraveso o calendario.  
Rompo o amor estrafalario  
das princesas. As princesas  
non son sinceras, seino.  
Pero os príncipes buscan  
a primavera.  
Eu navego no barco,  
sen saber navegar.  
Tiven fillos na guerra,  
quedei preñada moitas veces,  
sentín moita dor.  
Os fillos ían saíndo de min  
e ían morrendo.  
Eu atravesei as ventás  
co meu corpo enorme  
de vaca. Doíame ser  
unha vaca, sen cornos.

Sentín amor na praia,  
e boteime a correr.  
O mar era enorme.  
Agora o mar é  
triste e pequeno.  
O tempo é  
un suicidio. Alguén  
roubou a verdade,  
eu quedei atada,  
coas mans presas.  
El e eu eramos  
incendio, e os aloumiños  
non acababan, eu vivía  
na extravagancia do amor,  
na liberdade de ter amantes  
e asomarme aos balcóns,  
sen roupa.  
As princesas están cubertas  
de metáforas, e de roupa.  
Ensinan o corpo,  
escóndense.  
Non sei se me entendas  
cando miro as nubes,  
cando che falo.  
Os segredos do sexo  
son as cousas que nunca  
dixen, o que sempre gardei,  
porque é o más bonito  
que teño.  
Ás veces vou a un río  
e quedo mirando,  
e a auga está fría,

a auga está chea de historias  
que ninguén me conta.  
Gústame ir na bicicleta  
sen caer, sen romper  
as pernas. Sempre que caio  
rompo algunha parte  
do meu corpo. Os médicos  
non me curan, din que  
non estou enferma.  
Sempre quisen ser vento,  
romper as murallas,  
destruír o amor.  
Verei os paxaros pasar,  
sentirei rabia.  
Eu tamén, voar.  
Lévame nos avións  
cando marches.  
A xente da farándula  
ten os ollos rotos.  
Eu ando, sucia,  
entre a xente.  
Alugo un coche e vou  
cun coche a todos os  
teatros, aínda que non  
me deixen pasar.  
Ás veces estou contenta.  
Ás veces río alto e asusto  
aos príncipes, eles prefiren  
princesas durmidas. Eu  
estou esperta, coas miñas  
 tetas. Vou poñer  
unha bomba. Algún día

vou poñer unha bomba,  
cando eu queira. Hai  
moitas cousas que deben  
ser destruídas, cousas que  
non merecen vivir, porque  
hai tempo que resultan para min,  
e para ti, unha ofensa.  
Teño moitos cabalos  
no útero. Gallopan, ceibes.  
É como se tivese un tigre  
azul nos ollos. As princesas  
ensinan as pernas, e eu levo  
pantalón, ou medias gordas.  
Pero eu quero ser eu, non quero  
abandonar os precipicios.  
Roubar palabras. Quero  
roubar palabras. É unha forma  
de ser feliz áinda que non faga  
bo tempo. Pero as princesas  
sempre rin. ¿Debo eu defender  
a beleza das mulleres-obxecto?  
¿Debo construir en min  
un cemiterio? ¿Facer do corpo  
un obxecto? Ás veces  
síntome can. Ás veces sinto  
que hai en min unha vaca.  
Por eso, nunca serei  
unha princesa.  
Ás veces vou nos barcos,  
cruzo o mundo todo.  
Vou ao teu lado no avión,  
áinda que ti non me vexas.

Teño un estómago  
cheo de mapas. Algún día  
mostrarreichos, coñecerás  
a miña vida falsa.  
Ver a auga nacer é  
a cousa más fermosa  
que existe. A auga nace  
nas pedras, na terra. Mirei  
a auga nacer, e foi a cousa  
máis bonita que vin nunca.  
O manicomio onde sempre vivo,  
encerrada e libre, coa forza  
dun elefante. Non teño medo  
porque sempre estou  
contenta. Non andes de presa,  
mira as cousas. Non deixes  
de sentir en ti a vida, como  
un reloxo que se para ás veces  
e non nos di a hora, porque  
non nos importa. Ás veces  
os espellos enganan.  
Hai que estar atentos no  
fútbol. Os futbolistas dan  
moitas patadas e séntense  
moi estúpidos. Eu algún día  
quero mercar un estadio de fútbol,  
para correr moito, para  
poñerme en forma.  
Un campo enorme,  
para correr.  
Cando vayas no avión  
déixame ir a min tamén.

Non soporto estar soa  
mirando os avións marchar.  
As princesas sempre están  
felices. Ninguén fala con ninguén,  
todo é estúpido. Eu ás veces  
escapo en barcos, e son feliz  
coa miña falda descosida.

MIÑA NAI VESTIUME  
COMO SE FOSE PARA A NEVE

NON sentir  
que me seguen  
os cocodrilos  
e que me comen  
os ollos. Buscar  
tenrura no mar.  
Abrir o teatro,  
ser unha actriz  
que interpreta  
un papel absurdo.  
Eu quixera entrar  
correndo nalgún lugar,  
coa bicicleta.  
A cidade, está prohibido  
andar pola cidade.  
A cidade está chea  
de animais con fame.  
As persoas teñen  
cara de gato.  
É absurdo ter medo  
da morte. Nas cidades  
estamos sempre  
esperando a morte.  
Andamos durmidos  
por todas partes.  
Ás veces vexo mulleres

que se comportan ben,  
mulleres que realmente  
parecen mulleres.  
Gústame moito ir  
no tren, inventar  
historias. Romper  
o ruído. Hai un piano  
na neve, eu non teño  
oídos. Eu non escoito  
a canción dos borrachos,  
que me comprenden.  
Eses borrachos que vexo  
nos parques, solitarios,  
vencidos. Algúns teñen  
esquizofrenia, e moito medo,  
e moita fame. Eu non sei  
romper vasos de cristal.  
Pero sinto rabia.  
A guerra continúa  
matando. Mover  
a pelota, andar polo campo  
de fútbol. Mirar os ollos  
extraviados dos futbolistas  
que xogan co balón, e  
non hai mulleres.  
Ás veces quixera vender  
os meus sentimientos.  
Sentarme a esperar.  
Quedar esperando.  
Chove, e é fermoso  
chover. A cadencia última  
das palabras, o paraíso,

as serpes subindo polo  
meu corpo, eu tamén  
como mazás. Ás veces  
teño fame e como todo.  
Bailar. Abrir  
o estómago. Quedar  
sen roupa, buscando  
desesperación. Ás veces  
síntome vella, os anos  
non pasan. Eu gardo  
o segredo último das  
cousas, o amencer  
poético e triste no que  
eu me refuxio, como  
unha cadelha. Non quero  
amencer violada. Non consinto  
que me peguen. Ás veces  
subo no autobús e viaxo  
soa. Ás veces vexo mulleres  
tristes que me miran. Eu quero  
bailar no infinito, escaparme  
no tren. Subir cos meus tacóns,  
na plataforma, irme. Soño con irme,  
fuxir da escola, na escola  
átanme as mans e  
péganme moito, estou  
acostumada, pero non son  
feliz. Tamén hai mulleres tristes  
no tren que non teñen ollos  
e que non miran nada.  
Están feridas, por dentro  
e por fóra. Non saben de

política, é culpa da política  
que esas mulleres tristes  
non teñan nomes.  
Non teñen identidade,  
nin locen xoias.  
Están cansas.  
Rompo os versos,  
coa boca.  
Subo ao tellado, e alí  
estou, coa miña cara  
enfadada. O tempo  
non pasa, pararon  
os reloxos. Comprendo  
a morte. Non comprendo  
a guerra dos EE.UU.  
Xa non me queda nada  
que debuxar, xa debuxei  
o baleiro. Xa fixen unha  
moneca cos meus dedos,  
para xogar, disfrazala e rirme.  
Teño negros e rotos  
os dentes. Sinto dor.  
Chove, vou ir pescar.  
Vou envolverme coa auga  
do río. Ás veces quero  
quitar os vestidos.  
Miña nai vestiume  
como se fose para  
a neve. O mundo require  
moita roupa sobre nós.  
O mundo non admite  
a nosa respiración.

A respiración profunda  
dos nosos corpos. A nudez.  
Estar como as vacas,  
preñadas, expulsando  
metáforas. Quero romper  
o pelo. Aparecer violenta  
no abismo. Non quero  
ser unha nena boa. Quero  
mostrar as pernas. Sempre  
hai cocodrilos que me miran,  
con fame, con ansia.  
Vou demostrar que eu  
estou nos barcos.  
Sinto rabia.

HABERÁ QUE PELEXAR,  
USAR ARMAS,  
PERO NUNCA SEREMOS  
SOLDADOS

Eu quero bailar  
contigo  
no hotel. Aquí  
non hai risos.  
Nesta casa baleira,  
a casa dos cocodrilos  
grandes. Son alegre  
bailando, escribindo,  
no meu suicidio transparente.  
Gústame estar sentada  
no hotel, sen facer nada.  
Contigo, cos teus ollos  
de muller libre, atada.  
Sempre contigo, correndo,  
escapando dos palacios.  
Non encaixamos,  
somos vento. Emborráchome  
contigo, bebendo moito  
café. Estar no hotel  
compartindo o tempo,  
deixando que o tempo  
pase, abandonando  
a vida. Sempre quisen  
romper a mirada, romper

a infección que teño  
nos ollos. Eu sempre quisen  
andar como un cabalo  
pola cidade. O teatro era  
unha caixa de resonancia,  
e eu bailaba  
no vestíbulo. Eu cortaba  
as rosas, mentres me mirabas  
enferma. Non quero chorar  
cando te rompes. Non quero  
estar soa mirando aos  
cocodrilos. Non quero  
ser a moza de ninguén,  
preciso correr moito  
no coche. Matarme.  
Sangramos, ti e eu,  
no cuarto, sangramos  
como animais, e non sentimos  
dor. Por ser mulleres, somos  
case vacas, e como vacas  
enchemos o destino.  
Eu sei andar caendo,  
borracha. Eu sei vencer  
o amor. Quero facer  
un río de palabras.  
Estaremos, ti e eu, facendo  
mapas, na guerra. Na guerra  
venderemos mazás, e odio.  
Nunca seremos soldados.  
Haberá que pelexar, usar  
armas. Pero nunca seremos  
soldados. Non quero ver  
de preto a morte. O imperio